



DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS
Edificio Administrativo, Avenida Montero Ríos s/n
36071 Pontevedra

Asunto: notificación do informe de impacto ambiental
Proxecto: Vial de conexión entre a avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro
Localización: concello de Pontevedra (Pontevedra)
Promotor: Deputación Provincial de Pontevedra
Clave: 2020/0097

A directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, con data 09/10/2020, ditou a resolución que literalmente di:

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO, POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO DO VIAL DE CONEXIÓN ENTRE A AVENIDA DE MARÍN E A RÚA ROSALÍA DE CASTRO, NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA), PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. (CLAVE 2020/0097)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base as súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e tendo en conta o seguinte:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro (BOE nº 294 do 6.12.2018), establece, no artigo 7.2.a), que os proxectos comprendidos no anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na sección 2ª do capítulo II (título II) da dita lei.

O proxecto obxecto deste informe se inclúe no grupo 7.i. do anexo II da referida lei (construción de variantes de poboación e estradas convencionais non incluídas no anexo I), polo que de acordo co seu artigo 47 procede determinar se debe ou non someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1 .Obxecto do proxecto e descrición, localización, promotor e órgano substantivo

1.1 .Obxecto do proxecto e descrición

O obxecto da actuación é a conexión entre a Avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro, no barrio de Mollabao de Pontevedra, mediante unha nova estrada para a mellora da mobilidade da zona oeste da cidade de Pontevedra, permitindo unha mellor permeabilidade e accesibilidade do sistema viario adscrito. Ademais, permitirase a integración da zona, actualmente ambiental e socialmente degradada, dentro do tecido urbano da cidade.

A nova infraestrutura terá uns 100 metros de lonxitude con dous carrís de dobre sentido de circulación de 4 metros de ancho, beiravías de 1 metro, e beirarrúas de 2,5 metros. A conexión coas estradas existentes realizarase mediante glorietas, unha na PO-12 cun radio exterior de 6 metros e carrís de 3,5 metros de ancho, e outra na Rúa Rosalía de Castro de 12, 75 metros de radio exterior e carrís de 3,5 metros.

1.2 .Localización





O proxecto localízase na súa totalidade no concello de Pontevedra (Pontevedra).

1.3 .Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto e órgano substantivo é a Deputación Provincial de Pontevedra

2 .Resumo da tramitación

O 08.05.2020 recíbese nesta consellería unha solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada acompañada do documento ambiental do proxecto, remitido polo órgano substantivo (Deputación Provincial de Pontevedra) para que esta dirección xeral lle dera a tramitación correspondente ao abeiro da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro.

O 09.06.2020 notificouse ao órgano substantivo o inicio do período de consultas previas, previsto no artigo 46 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O 10.08.2020 reiteráronse as solicitudes de informe ás direccións xerais de Patrimonio Natural, Patrimonio Cultural e ao concello de Pontevedra.

Neste contexto, a relación de organismos consultados, indicando cun X aqueles dos que se recibiu resposta, é a seguinte:

Relación de consultados	Respostas recibidas
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X
Instituto de Estudos do Territorio	X
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	X
Augas de Galicia	X
Concello de Pontevedra	X
Servizo Provincial de Costas	-
Federación Ecoloxista Galega	-
Sociedade Galega de Historia Natural	-

Así mesmo, o documento ambiental estivo dispoñible para outros organismos, organizacións e público en xeral na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Como resultado do anterior, non se recibiron achegas de ningún tipo.

Os aspectos máis relevantes das respostas recibidas resúmense a continuación:

A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indica que as actuacións descritas no proxecto non afectan a bens do patrimonio cultural coñecidos. Non obstante considera preciso realizar un control arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos en todo o ámbito do proxecto.

O Instituto de Estudos do Territorio considera que o proxecto de referencia non provocará un impacto paisaxístico significativo.





Augas de Galicia, conclúe que non é previsible que o proxecto poida causar impactos ambientais significativos sobre o medio hídrico. No entanto deberanse ter en conta unha serie de consideracións indicadas no informe.

O concello de Pontevedra informa favorablemente ao proxecto, considerando que o proxecto non ten efectos significativos no medio ambiente, sen afección negativa aos sistemas naturais, sen impactar na paisaxe, e sen afección ao patrimonio natural, pero cun impacto social positivo ao dispoñer o dunha alternativa viaria para o tráfico e a rehabilitación para usos públicos dunha zona actualmente degradada.

A Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo informa favorablemente ao proxecto, indicando que a meirande parte dos terreos obxecto da actuación localízase no dominio público marítimo-terrestre, polo que a viabilidade da actuación precisa da obtención do título que habilite para a ocupación daquel, de conformidade co réxime de utilización contido no Título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e concordante do Regulamento xeral de costas, aprobado por Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural, considera que, dada a entidade das modificacións propostas, non é previsible que o proxecto obxecto xere efectos significativos, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e da biodiversidade, sempre e cando se garanta o cumprimento das medidas contempladas na documentación achegada e no presente informe de impacto ambiental.

3 .Análise segundo os criterios do anexo III

Unha vez analizada a documentación que obra no expediente, e co obxecto de determinar se o proxecto debe someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria, realízase a seguinte análise segundo os criterios do anexo III da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, do 5 de decembro, e o Real Decreto _lei 23/2020, do 23de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía en en outros ámbitos para a reactivación económica.

3.1 .Características do proxecto

A traza proxectada conecta a estrada PO-12 ca rúa Rosalía de Castro. A intersección coas rúas a conectar realizaranse mediante sendas glorietas, a primeira na Avenida de Marín e a segunda na Rúa Rosalía de Castro.

3.2 .Localización do proxecto e sensibilidade medioambiental da área

O proxecto desenvólvese integramente no concello de Pontevedra, na provincia de Pontevedra.

A vía localízase ao sur do núcleo urbano de Pontevedra, no lugar de Mollabao, nun terreo e relevo chairo, que se vén utilizando como aparcamento disuasorio, delimitado polas estradas a conectar e as vías do ferrocarril, na beira esquerda da desembocadura do río Lérez.

O proxecto non presentará unha forte incidencia, toda vez que o lugar de actuación está moi transformado e que as medidas preventivas e correctoras propostas axudarán a integrar a nova infraestrutura na contorna na que se insire.

3.3 .Características do potencial impacto

No relativo á protección do patrimonio natural, non se esperan afeccións negativas sobre a flora e a fauna, sempre que se cumpran as medidas establecidas.

Respecto á afección aos cursos de auga, a suave pendente do terreo, e dado que as parcelas onde se ten previsto implantar a actuación proxectada non se atopan afectadas polas zonas de protección de ningunha canle, non se esperan afeccións negativas. Porén, deberanse ter en conta as medidas establecidas respecto a protección das augas e dos leitos fluviais na fase de explotación.





No tocante á paisaxe, a zona a implantar o proxecto trátase dun terreo de relevo chairro, que se ven utilizando como aparcamento disuasorio. O proxecto non presentará unha forte incidencia paisaxística, toda vez que o lugar de actuación está moi transformado.

No relativo as emisións á atmosfera, espéranse emisións de gases (CO₂, NO_x, SO_x, etc.), de po e ruído polo uso de maquinaria na fase de explotación. Co obxectivo de asegurar un nivel de iluminación axeitado estarase ao disposto no apartado 4.1 *Protección da atmosfera do presente informe*.

No referido aos residuos, os principais riscos de contaminación son causados polas verteduras de substancias perigosas como aceites e combustibles procedentes da maquinaria utilizada.

4 .Condicións ambientais

No desenvolvemento do proxecto aplicaranse as medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental propostas na documentación presentada polo promotor na tramitación ambiental, tendo en conta así mesmo as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriores:

4.1 .Protección da atmosfera

- 1.Estableceranse os mecanismos necesarios de xeito que os niveis de presión sonora cumpran coa lexislación vixente e as ordenanzas municipais, de ser o caso.
- 2.-Promoverase na medida do posible a instalación de sistemas de enerxías renovables para abastecemento do alumado público e a sinalización.
3. Dimensionarase o alumado de xeito que asegure un nivel de iluminación axeitado en base as necesidades de cada zona tendo en conta as actividades que nela se desenvolvan (zonas de tráfico rodado, parques, zonas peonís...), evitando excesivos niveis lumínicos e a emisión de luz directa cara o ceo.

4.2 .Protección das augas e dos leitos fluviais

- 1.-Deberanse ter en conta a proximidade á contorna do ámbito da actuación das zonas protexidas (PHGC2018/5-2021 Z. Protex. N. Europeo e PHGC2015-2021 Z. Protex. N. Estatal Aut.), especialmente adoitando as medidas precisas para a súa preservación.

Deberase ter en conta a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

- 2.-Deberanse contemplar as medidas preventivas e correctoras necesarias para evitar a incorporación de fugas ou derrames de aceites, graxas, e combustibles ou outros ao dominio público hidráulico durante as fases de obra e explotación. En ningún caso os vertidos de aceites, combustibles, cementos e outros sólidos contaminantes en suspensión verterán directamente ao terreo ou as augas, polo que se planificarán medidas para prever estas situacións, en especial para todo o relacionado co parque de maquinaria e zonas de tránsito de vehículos deberían establecerse as medidas preventivas nas accións sobre a auga relacionada coas augas





de escorrenta e os hidrocarburos líquidos utilizados polas máquinas, en canto a que puideran resultar contaminantes potenciais por alterar as augas superficiais e incluso contaminar as subterráneas.

3.-Durante a fase de construción, vixencia e, no seu caso, abandono da instalación incluíranse dentro das medidas de vixilancia e seguimento ambiental que procedan, o control da calidade das augas continentais que puideran verse afectadas cos parámetros axeitados, con fin de realizar o seguimento ambiental dos mesmos e, de ser necesario, propoñer novas medidas correctoras para que os parámetros ambientais de calidade das augas sexan os correctos.

4.-Na documentación aportada non se prevé a execución de ningún tipo de instalación de abastecemento de auga, prevéndose a conexión da rede de rega proxectada mediante acometida á rede de abastecemento municipal.

En todo caso, calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA. A inscrición debera realizarse antes da posta en funcionamento das instalacións.

5.-No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto, deberase contemplar a súa reposición.

6.-As augas de escorrenta evacuarán na rede de colectores existente de titularidade municipal. Calquera outro vertido ao Dominio Público Hidráulico deberá contar coa preceptiva autorización deste organismo de conca. A consideración como vertido establecerase segundo o disposto no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH).

7.-Dada a proximidade do río Lérez, na fase de construción deberanse propugnar medidas preventivas para evitar que, especialmente en días de choiva, os posibles arrastres de terras poidan ser incorporados ao medio natural ben directamente ou a través das redes de drenaxe existentes e de aí ao medio natural como, por exemplo, situar os amoreamentos de materiais en zonas sen pendente e sen interferir nas vías naturais de escorremento, prever a implantación de métodos de contención de sedimentos como barreiras de retención ou balsas de decantación e mesmo, de ser necesario, prohibir a execución de traballos de movemento de terras nos días de fortes choivas.

4.3 .Protección do solo e infraestruturas

1.-En relación ao movemento de terras, procurase que este sexa o menor posible, tomando como criterio a necesidade de acadar un equilibrio entre as terras extraídas e a as aportadas.

2.-O proxecto contemplará as medidas construtivas máis adecuadas para evitar os vertidos contaminantes ás augas dos cursos fluviais, sendo os principais riscos os movementos de terras e os posibles derrames de sustancias procedentes do uso de maquinaria.

3.-No acondicionamento da contorna e en relación coa xardinería, unicamente poderanse plantar ou sementar ecotipos locais, e en ningún caso especies exóticas invasoras. No ámbito do proxecto (zona de dominio público, servidume e afección) eliminaráse toda vexetación invasora existente.

4.4 .Xestión de residuos





- 1.-Queda prohibida a queima de restos ou calquera outro tipo de material durante as fases de construción e funcionamento.
- 2.-Os residuos serán xestionados conforme a lexislación vixente de aplicación, en función da súa natureza, e primando a reciclaxe ou reemprego fronte á eliminación a vertedoiro.
- 3.-Non se acumularán materiais ou residuos en lugares onde sexan susceptibles de ser arrastrados. A almacenaxe temporal de material realizarase en lugares habilitados para elo, en zonas de mínima afección ecolóxica e paisaxística, deberán ser almacenados en condicións de hixiene e seguridade, e posteriormente deberán ser entregados a un xestor autorizado.

4.5 .Protección do patrimonio cultural

1.-Realizarase un control arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución de obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do proxecto. A tal fin o promotor presentará, para a súa autorización, un proxecto de intervención arqueolóxica axustado ao previsto na LPCG e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

A realización do control arqueolóxico das obras requirirá que a persoa que dirixa a intervención estea presente naqueles movementos de terra que se executen no ámbito do proxecto.

4.6 .Protección ante accidentes graves ou catástrofes

1.-Teranse en conta as normas ou recomendacións que o Concello de Pontevedra, ou o órgano competente, teña establecidos ou poida ditar en materia de riscos, de acordo coa Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil e a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

4.7 .Programa de vixilancia e seguimento ambiental

4.7.1 .Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras e correctoras que figuran na documentación avaliada e no condicionado deste IIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. O programa debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánse incorporar os controis e estudos necesarios para adaptalo aos condicionantes que se derivan deste IIA. Na redacción do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, indicadores e limiares ou valores límite que se vaian empregar en cada caso.

O programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os fins indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio.





•No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable ou neste IIA, comunicáraselle inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

4.7.2 .*Informes do programa de vixilancia*

Os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental, se realizarán de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental e estarán a disposición dos órganos competentes ou a inspección ambiental.

4.7.3 .*Outras condicións*

Dado que a meirande parte dos terreos obxecto da actuación localízase no dominio público marítimo-terrestre a viabilidade da actuación precisará da obtención do título que habilite para a ocupación daquel, de conformidade co réxime de utilización contido no Título III da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e concordante do Regulamento xeral de costas, aprobado por Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro.

RESOLVE:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto do vial de conexión entre a avenida de Marín e a Rúa Rosalía de Castro, no concello de Pontevedra (Pontevedra), promovido pola Deputación Provincial de Pontevedra, concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto, non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Esta resolución non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e remitirase ao órgano substantivo.

De acordo co artigo 47.5 da referida lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

O que lle notifico para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela

Subdirectora xeral de Coordinación Ambiental
(data e sinatura dixital)

María del Mar Ferreiro Broz

